

**ANUNCIO DO PROCESO DE SELECCIÓN DUN/UNHA TÉCNICO/A DE TURISMO
DO CONCELLO DE TEO: ALEGACIÓNS Á BAREMACIÓN DE MÉRITOS,
RECLAMACIÓNS AO CUESTIONARIO TIPO TEST DA FASE DE OPOSICIÓN E
PROPOSTA DE CONTRATACIÓN**

1.- O día **29 de xullo de 2019** o Tribunal, tras a realización da proba escrita (cuestionario tipo test e proba práctica) da fase de oposición, procedeu a **analizar as alegacións** presentadas á **baremación de méritos** polos aspirantes que se detallan a continuación:

- .- D.^a Liduvina Campoamor Sánchez (rex. SIR, nº 933, de 22/07/19)
- .- D. Francisco González Soñora (rex. 999, nº 442, de 27/07/19).

Analizadas as citadas alegacións, o Tribunal **acordou**:

1º) Desestimar a alegación presentada por Liduvina Campoamor Sánchez (rex. SIR, nº 933, de 22/07/19), polos seguintes motivos:

- O DEA non se entende comprendido entre os cursos relacionados no Anexo I das bases, que son exclusivamente máster ou posgrao.
- O Programa de creación e consolidación de empresas, non se entende relacionado co sector turístico, de acordo Anexo I das bases. A presentación xunto cas alegacións do proxecto realizado entendese fora de prazo ao abeiro da base 4^a.
- Os Seminarios do Centro de Estudos Turísticos non se valoran polo tribunal, xa que non se entenden comprendidos no Anexo I das bases.

2º) Desestimar a alegación presentada por Francisco González Soñora (rex. 999, nº 442, de 27/07/19), polos seguintes motivos:

- Por non cumprir os requisitos esixidos na base 4^a da convocatoria, en canto á presentación de documentación. Para a valoración da experiencia profesional do tempo traballado como técnico na oficina de turismo de Rianxo, achega unicamente un certificado da Secretaría do Concello e o informe de vida laboral. O Anexo I da convocatoria indica que “A *experiencia profesional deberá xustificarse mediante contratos de traballo e vida laboral*”, e a base 4^a indica que non serán obxecto de toma en consideración e valoración os que se acheguen con posterioridade ao remate do

prazo de presentación de documentación, sendo que os contratos se achegan cas alegacións presentadas.

- Para acreditar o coñecemento dun idioma oficial no presenta título ou certificado de administración pública, senón dous documentos da Universidade de Vigo na que dous profesores “fan constar” a asistencia a clases de idioma moderno inglés da titulación de Tradución e Interpretación , e que aprobou materias de idioma moderno 2, alemán. Non presenta en ningún momento título ou certificado do mesmo.

Á vista do acordado polo Tribunal, a **puntuación outorgada** aos/ás aspirantes na **fase de concurso**, que se detalla a continuación, non experimentou variación algunha.

APELIDOS E NOME	DNI / NIE	MÉRITOS
ALONSO RODRÍGUEZ PAULA	***7648**	2,55
CAMPOAMOR SÁNCHEZ LIDUVINA	***8338**	7,4
CASCUDO RODRÍGUEZ JOSÉ ANTONIO	***7779**	0
FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ ARTAI	***4417**	0
FERNÁNDEZ-COUTO TELLA CONSTANZA	***6101**	4,1
GONZÁLEZ SOÑORA FRANCISCO	***8056**	1,9
MONTERO PÉREZ LUCÍA	***0137**	0
RODRÍGUEZ CEBREIRO MARÍA CRISTINA	***4864**	7,25
SÁNCHEZ ARINES CARMEN MARÍA	***2156**	2,45
SÁNCHEZ PARADELA ELENA ELVIRA	***3555**	5,6

2.- O día **14 de agosto de 2019**, reúnese o Tribunal do proceso de selección para analizar as **reclamacións presentadas ao cuestionario tipo test da fase de oposición**, que se detallan a continuación:

1.- D.^a Liduvina Campoamor Sánchez, 7 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 5047).

Solicita a anulación da pregunta 37 do cuestionario tipo test, por inexactitude conceptual que induce a erro/confusión.

Considera a sra. Campoamor que, á vista do artigo 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia, o enunciado da pregunta non recolle con exactitude o rol/competencias do Consello de Turismo de Galicia, outorgándolle unhas competencias "globais, xeralistas" que se poden imputar tanto á Xunta de Galicia como á Axencia de Turismo de Galicia.

2.- D.^a Liduvina Campoamor Sánchez, 12 de agosto de 2018 (rex. entrada nº 5095).

Solicita a anulación da pregunta 60 do cuestionario tipo test, ao considerar que as catro respostas son correctas, na medida en que a que se considerou incorrecta (Ría de Muros e Noia), si que está dentro das rutas ornitolóxicas propostas na páxina web de Turismo de Galicia.

Analizado o contido das reclamacións presentadas o Tribunal **acordou**:

1.- Desestimar a reclamación presentada por D.^a Liduvina Campoamor Sánchez, o **7 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 5047)**, **solicitando a anulación da pregunta 37 do cuestionario tipo test**, ao resultar inequívoca a pregunta plantexada ("*Cal é o órgano para os asuntos referidos á ordenación, promoción, fomento e desenvolvemento do turismo de Galicia?*"), así como a resposta correcta (*b) Consello de Turismo de Galicia*), á vista do disposto no artigo 7 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia, na medida en que, agás o Consello de Turismo, as posibilidades recollidas na demais respostas propostas (*a) Axencia de Turismo de Galicia, c) Xunta de Galicia, e d) Consello Administrativo de Turismo de Galicia*), non se refiren a órganos, non podendo polo tanto considerarse respostas correctas.

2.- Estimar a reclamación presentada por D.^a Liduvina Campoamor Sánchez, o **12 de agosto de 2019 (rex. entrada nº 5095)**, **solicitando a anulación da pregunta 60 do cuestionario tipo test**, ao constatar que, tal e como sinala a interesada, a Ría de Muros e Noia está dentro das rutas ornitolóxicas propostas na páxina web de Turismo de Galicia, extremo facilmente constatable accedendo á citada páxina web.

En virtude do exposto, o Tribunal **acorda anular a pregunta 60 do cuestionario tipo test, que deberá ser substituída pola primeira pregunta das de reserva, a 61, resultando preciso revisar todos os cuestionarios tipo test da fase de oposición para dar efectividade ao acordado.**

Feita a revisión indicada, os **resultados** obtidos no **cuestionario tipo test** polos/as aspirantes quedarían segundo se detalla a continuación:

APELIDOS E NOME	DNI / NIE	TEST
ALONSO RODRÍGUEZ PAULA	***7648**	3,20
CAMPOAMOR SÁNCHEZ LIDUVINA	***8338**	7,60
CASCUDO RODRÍGUEZ JOSÉ ANTONIO	***7779**	2,65
FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ ARTAI	***4417**	2,40
FERNÁNDEZ-COUTO TELLA CONSTANZA	***6101**	3,35
GONZÁLEZ SOÑORA FRANCISCO	***8056**	7,35
MONTERO PÉREZ LUCÍA	***0137**	1,35
RODRÍGUEZ CEBREIRO MARÍA CRISTINA	***4864**	5,40
SÁNCHEZ ARINES CARMEN MARÍA	***2156**	5,50
SÁNCHEZ PARADELA ELENA ELVIRA	***3555**	5,10

A continuación, recóllense os **resultados da fase de oposición**, desglosando o cuestionario tipo test e o exercicio práctico.

APELIDOS E NOME	DNI / NIE	TEST	CASO PRACTICO
ALONSO RODRÍGUEZ PAULA	***7648**	3,20	0
CAMPOAMOR SÁNCHEZ LIDUVINA	***8338**	7,60	3,78
CASCUDO RODRÍGUEZ JOSÉ ANTONIO	***7779**	2,65	NP

FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ ARTAI	***4417**	2,40	NP
FERNÁNDEZ-COUTO TELLA CONSTANZA	***6101**	3,35	0
GONZÁLEZ SOÑORA FRANCISCO	***8056**	7,35	1,70
MONTERO PÉREZ LUCÍA	***0137**	1,35	0
RODRÍGUEZ CEBREIRO MARÍA CRISTINA	***4864**	5,40	2,50
SÁNCHEZ ARINES CARMEN MARÍA	***2156**	5,50	1,70
SÁNCHEZ PARADELA ELENA ELVIRA	***3555**	5,10	1,35

De acordo co exposto e tendo en conta as **puntuacións obtidas na fase de concurso e na de oposición**, obtense o seguinte resultado final do proceso selectivo:

APELIDOS E NOME	DNI / NIE	MÉRITOS	TEST	CASO PRACTICO	TOTAL
ALONSO RODRÍGUEZ PAULA	***7648**	2,55	3,20*	0**	-----
CAMPOAMOR SÁNCHEZ LIDUVINA	***8338**	7,4	7,60	3,78	18,78
CASCUDO RODRÍGUEZ JOSÉ ANTONIO	***7779**	0	2,65*	NP	-----
FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ ARTAI	***4417**	0	2,40*	NP	-----
FERNÁNDEZ-COUTO TELLA CONSTANZA	***6101**	4,1	3,35*	0**	-----
GONZÁLEZ SOÑORA FRANCISCO	***8056**	1,9	7,35*	1,70**	-----
MONTERO PÉREZ LUCÍA	***0137**	0	1,35*	0**	-----
RODRÍGUEZ CEBREIRO MARÍA CRISTINA	***4864**	7,25	5,40*	2,50	-----
SÁNCHEZ ARINES CARMEN MARÍA	***2156**	2,45	5,50*	1,70**	-----
SÁNCHEZ PARADELA ELENA ELVIRA	***3555**	5,6	5,10*	1,35**	---

**Téñase en conta que, de acordo coa Base sétima das que rexen a convocatoria, para superar o apartado da proba escrita consistente nun cuestionario tipo test, cuxa puntuación máxima é de 15 puntos, é preciso acadar un mínimo de 7,5 puntos.*

***Téñase en conta que, de acordo coa Base sétima das que rexen a convocatoria, para superar o apartado da proba escrita consistente na resolución dun caso práctico ou desenvolvemento dun tema, cuxa puntuación máxima é de 5 puntos, é preciso acadar un mínimo de 2,5 puntos.*

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal **propón a D.^a Liduvina Campoamor Sánchez** para a súa contratación como técnica de turismo do concello de Teo.

O Tribunal elevará á Alcaldía a proposta de nomeamento, como persoal laboral temporal, a favor da persoa citada, facéndose así mesmo público no taboleiro de anuncios do concello e na web municipal.

A secretaria do Tribunal

Virginia Fraga Díaz